


Nodales



corpus 2007

A propiedade da Illa de Ons

A entrada da ría de Pontevedra, e co oficio de defendela, atópase a Illa de Ons. Unha Illa, que ao longo dos séculos, sufriu un triste abandono institucional o que motivou o illamento da súa comunidade mariñeira e un xeito de vivir inxustamente precario, inestable e moi duro.

Pero as augas desta Illa recibiron o don de ser e o encargo de salvagardar un dos maiores viveiros de cefalópodos, mariscos e peixes das rías Baixas, o que motivou que, ao longo dos tempos fora unha zona pesqueira empregada polas distintas confrarías destas costas, entre elas, a de Pontevedra.

Esta Illa e a súa comunidade veciñal, agochan un apaixonante mundo histórico, etnográfico e antropológico. Ata o de agora, moi pouco se estudou sobre a historia da Illa de Ons, só o aportado por Salustiano Portela Pazos no ano 1954 nos seus "Apuntes para la Historia de la Isla de Ons" publicado no número XXVII de "Cuadernos de Estudios Gallegos" é o único estudo cun mínimo de base científico-documental que temos e no que nos baseamos todos aqueles que pretendemos escribir algo sobre o acontecido en Ons antes dos anos setenta do pasado século.

No 1990 comezou unha seria revolta veciñal na Illa para conseguir da administración un estudo xurídico que puxera claro, dunha vez por todas, cal era o status de veciños, vivendas e terreos. Despois de case dez anos de loita, dende a Xunta empezaron a moverse neste senso e o primeiro que fixeron foi encargar, dende Patrimonio, un estudo histórico, do cal pouco ou nada se coñece, e nada debeu de dar de si, xa que, uns anos máis tarde o PORN (Proxecto de Ordenación dos Recursos Naturais) nada aportou sobre o xa coñecido da historia da Illa de Ons, baseando o seu "veredicto", a favor da administración pagadora, en que os veciños non eran donos de nada e que era a Xunta a única propietaria.

Pasou o tempo e os últimos "propietarios", da Illa de Ons, despois de gañarlle o preito á Xunta, piden 180 millóns de euros en compensación pola expropiación que, segundo parece, non cumpriu os requisitos polos que fora expropiada.

Ante isto sería necesario que a Xunta ou a administración central, puxeran a traballar aos seus xuristas para que este asunto quede claro dunha vez porque, segundo a pouca documentación da que dispoñemos, aínda vai traer cola, xa que, respecto á propiedade desta Illa hai moitas lagoas sen clarexar e, en calquera intre, poden saír á luz e crear de novo problemáticas xurídicas, novos preitos e quizais algún novo pagamento que repercutirá nos cartos que tódolos galegos depositamos nas arcas do estado.

Algúns dos datos, reflectidos nun artigo publicado na revista AUNIOS da Asociación Cultural Piñeiróns no seu nº. 7, de xuño do ano 2003, son claros.

Por CELESTINO PARDELLAS DE BLAS



Novos barcos pesqueiros no Peirao de Ons

A Illa de Ons foi doada como Feudo Perpetuo no ano 899 polo rei Alfonso III, o Magno, ao Cabido Compostelán e posteriormente confirmado por privilexios dos reis Ordoño II, Ramiro II e Alfonso V. Aquí habería que pararse en ver que significado pode ter o de -Feudo Perpetuo-, xa que, sen máis, no século XVI a casa dos Montenegro considérase dona da Illa.

A este respecto, o historiador Portela Pazos engade: " ... la familia Montenegro se considera dueña de la Isla debido a un convenio verbal de fecha 23 de septiembre de 1520, ...", do que, sigue dicindo, "... duda e inquietud debían éstos sentir respecto a la licitud de la supuesta pertenencia, que realizan una serie de trámites de dudosa legalidad con los que se concede la Isla de Ons, de nuevo, en Feudo Perpetuo, en este caso al biznieto de Tristán de Montenegro, don Antonio Sarmiento Montenegro...". Noutro apartado sigue argumentando, segundo documentación consultada: "... la Corporación Catedralicia, en siglos de frecuentes inquietudes señoriales compostelanas, con las consiguientes derivaciones en la vida capitular, sin renuncia de legítimos derechos, hubiese incurrido en lamentables negligencias de administración y usufructo de terrenos tornados incultos, aprovechados, tal vez, por quienes dueños de posesiones territoriales en la costa les agregaron las de las cercanas islas, con títulos más o menos colorados...".



Antiga fábrica de salga ao carón do peirao. Ons

Importante para a Administración deixar este punto ben claro, non vaia ser o conto que mañá, investigando nos arquivos do Cabido, no Archivo Histórico Diocesano, e no mosteiro de San Martín Pinario ao que Ons pertenceu, resulte que o verdadeiro dono da Illa é a igrexa compostelá, e de novo comece un preito por algo que, sen estar aínda claro, os nosos políticos e funcionarios van a pagar uns cartos que pertencen a todos nós.

Moi necesario revisar ben o Foro de censo perpetuo a favor de Antonio Sarmiento Montenegro xa que nel hai cláusulas importantes que tiñan que cumprir este e os seus descendentes para poder seguir disfrutando dese "suposto legal" Feudo; pois, de non cumprirse, revertería de novo ao arcebispado. No caso de ser legal o foro ¿Cumprirían ao longo dos anos esas cláusulas? De non cumprirse nalgún tempo ¿Podería hoxe reclamálo a Igrexa Compostelá e deixar os trasposos e ventas posteriores moi en precario ou quizais ilegais?

Recalcando máis, ver o caso de que no ano 1810 cando a "Junta Provincial de Armamento e Defensa de la Provincia de Santiago" decide que se repoboe Ons e que se realicen nela obras de defensa contra incursións marítimas, resulta que, despois de 248 anos en "posesión particular" a propia administración se dirixe ao Cabido Compostelán, como propietaria, para que contribúa economicamente nas obras de defensa.

O Cabido estudia a súa documentación e dá os conseguintes permisos para realizar na súa "propiedade" as obras de defensa.

Nestes anos, informados os herdeiros dos "supostos donos particulares" comezan un preito coa igrexa (que se debería consultar) que, parece ser, remata sen haber unha sentenza firme, pois a igrexa se retira xa que, segundo documentación de Portela Pazos: "... debido a la declaración de las propiedades del clero como bienes nacionales..., en esa situación no interesaba al Cabildo defender como propios, bienes que iban a quedar declarados del estado..., por más que el derecho alegado por la familia Montenegro se presentaba poco claro y padecía, según a Corporación capitular, de vicio de origen...".

Puntos escuros que habería que clarear antes de pago algún, xa que, en calquera intre, poden xurdir e provocar novos


conflictos xurídicos e gastos á administración, que somos todos.

Cabería tamén clarear se os antepasados dos antigos veciños teñen algún tipo de propiedade, pois, ao non poder pagar o Cabido, nin os que se presentaron como "propietarios", os gastos das obras de defensa, a "Junta" dividiu parte da Illa cultivada e o monte, co consentimento destes, en parcelas que as persoas que se achegaron a traballar podían mercar como Accións de Primeira Clase.

Esa documentación pode estar nalgún arquivo esquecida e de súpeto aparecer co resultado de que, unha boa parte da Illa foi mercada, de boa fe, e ten uns donos, os veciños, que quizais, coas problemáticas políticas ou por ignorancia, quedaron no esquecemento.

Poderíamos enumerar máis datos que hai que investigar e clarear antes do pago, pero iso está na man dos investigadores e da administración. O importante é que, se pagan, que o fagan con toda a documentación na man ao seu favor para evitar problemas futuros, dos que deberían, se xorden, dar conta con seus propios cartos por non facer ben as cousas no seu momento.

Xa por último dicir que a Illa de Ons foi expropiada para fins militares. Din que non se cumpriu ese trámite. Hai grandes dúbidas, pois, posto o caso en mans de bos xuristas, que debería ter os mellores a administración, comprobarían que Ons, dende o



Vista do peirao e barrios de Curro e Caño. 1960

seguinte día da expropiación pasou a ser administrada polo exército e nela realizáronse prácticas e adestramentos militares tódolos anos mentres a tiveron ao seu cargo (Escola Naval, COES,...). Estes son datos que se deberían poder consultar con facilidade e esa documentación podería confirmar unha utilización Cívico – Militar desta Illa dende a Expropiación ata a entrega ao Instituto Nacional de Colonización.

Hai moito que investigar sobre esta Illa de Ons.